



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO celebrada en Vigo o día 10 de febreiro de 2018 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do vicepresidente D. Pedro J. Méndez Zas e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

ESTAMENTO DE CLUBS:

MOTO CLUB PAPAYA
MOTO CLUB MÓVETE NA MOTO
MOTO CLUB MORRAZO
VESPA CLUB CORUÑA
MOTO CLUB SALTAMONTES
CLUB SOBRE RODAS

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. XACOB AGRA CARRERA
D. AARON BERNARDEZ CARRO
D. ANDRÉS CALVAR GONZALEZ
D. ALBERTO LOCOCO
D. MANUEL TOIMIL BECEIRO

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. MOISÉS BERNÁRDEZ CARRO
D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ
D. JULIO PÉREZ SOLLEIRO

ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:

D. ALBERTO GARCÍA FANDIÑO
Dª CARMEN ARCA Y VARELA

Asiste ademais con voz e sen voto, en calidade de tesoureiro, Secundino Ponte García.

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Escusa o secretario a ausencia do presidente Canda por un imprevisto de última hora, informando que presidirá a asemblea o vicepresidente D. Pedro J. Méndez Zas. Pregúntase se queren declarar aberta ou pechada a asemblea. Deciden que a asemblea sexa aberta. Durante a celebración da mesma ninguén que non fora asembleísta solicitou asistir a mesma.

1. LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS ASEMBLEAS ANTERIORES.

O secretario da lectura do acta da asemblea anterior celebrada o 21 de xaneiro de 2017. Ao final da lectura o secretario pregunta se alguén bota algo de menos na redacción do acta sen que haxa ningunha rectificación. O acta é ratificada por tódolos presentes.

2. MEMORIA ANUAL 2017 – PROXECTO DEPORTIVO 2018

O vicepresidente da a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2017. Informa aos presentes que nos tempos da era dixital, no que tódolos datos están publicados na web, facebook etc non ten moito sentido facer un repaso estadístico do acontecido cando é de dominio público pois todo está dispoñible a golpe de click.

Un dos propósitos do ano pasado era recuperar un calendario de MX-SX-QX para esta tempada que rematou. Quero agradecer o esforzo dos clubs que colaboraron en conseguilo. Sacouse adiante un calendario con cinco probas de MX e dúas de SX, en todas elas houbo tamén categoría de Quads.

Outra das actuacións que propuxen foron a organización de probas de Ctos. de España para aproveitando as infraestruturas darlle un pulo de calidade e repercusión ás probas dos Ctos. Galegos que compartiron escenario cos nacionais. Foron MX de Taboexa, End. Lalin e Santiago, SM Forcarei ou CrossCountry do Irixo.

A intención deste ano era apostar por unha liña parecida, os clubs pediran un número de probas similar ás do ano pasado, realizáronse peticións de MX en varias categorías, Trial, Enduro, Minivelocidade, Cross Country, Supermoto. A nosa sorpresa foi encontrarnos sen ningunha proba concedida a Galicia, exceptuando un Enduro solicitado polo M.C. A Peroxa, un dos clubs que leva anos organizando probas non federadas. Foron varios clubs os que expresaron o seu desconcerto e malestar cando saíu o calendario da RFME. Ningún deles podía entender este ninguneo, e a concesión da única organización dun nacional a un club que leva anos boicoteando as probas federadas. Foi por estas queixas que solicitei unha reunión co presidente da RFME e o comité deportivo que avaliou as propostas. Desá reunión saín coa sensación de que o rexeitamento das solicitudes de probas galegas non se debía a criterios deportivos senón doutra índole. Un dos argumentos que deron foi o baixo volume de actividade da nosa federación en canto a licenzas. Argumento que se desmonta facilmente so con botar unha ollada as probas concedidas a outras comunidades como Extremadura, Castela-León ou outras que historicamente tiveron menos volume ca nosa.

Coa axuda de cinco clubs: CM Teo, Aldán, Saltamontes, Trial Entrimo, e Trialco saíu adiante o calendario de CGT con 6 probas, agradecerlle o esforzo que fan, porque a situación económica non é fácil. A maioría deles tamén organizaron probas da Copa Galega de Trial Infantil o día anterior, un dobre esforzo que hai que aplaudir.

Voltamos a ter 4 probas de Enduro, coincidindo coas probas do CEE de Lalín e Santiago. Este ano vai ser mais difícil polo xa comentado anteriormente, finalmente non foron concedidas probas a Galicia.

No Supercros, deixáramos a solicitude de probas aberta ata o 30 de abril, para unha vez comezada a tempada de MX, e dependendo da participación algún club podería estar interesado en calendar probas. Finalmente foron dúas, unha en Ribeira e outra en Arteixo.

Na Velocidade a idea de retomar a actividade en Braga-Portugal non resultou. A Federación portuguesa sacou do calendario tódalas probas de Braga por non ter feito as obras que lle pedían. Isto unido ao alto custe de competir en Portugal con licenza española fixo que os poucos pilotos que participaron fixáranos con licenza portuguesa. Voltamos a trasladar ao novo secretario e presidente da RFME a necesidade de buscar unha solución económica para competir en Portugal, non so para a velocidade senón tamén para as outras especialidades. Aínda non recibimos resposta. Pero polas tarifas que teñen colgadas non parece que nos fixeran moito caso. Hai que sacar un suplemento de 330€ na primeira proba a que vaias e de 50€ no restante das probas. Tarifas que bota para atrás a tódolos pilotos que preguntan como hai que facer para correr en Portugal.

Nas cilindradas pequenas celebráronse 3 probas, con actividade so nas categorías de minimotos e minivelocidade. As probas para 2018, son as calendadas por VFM no seu trofeo social VF Challenge Moto Race, nas que teñen intención de que as 4 sexan puntuables para o CGV. Tamén calendaron probas de resistencia no Trofeo Social denominado VF Endurance.

Coa celebración do CE de Supermoto organizado por VFM en Forcarei, convocouse tamén o CGSM, con participación escasa en dúas das categorías, SM65 e SM Road.

Aproveitando a proba de Cross Country que foi concedida para facer no Irixo, convocárase o campionato galego de Cross Country na mesma data e coas mesmas categorías do nacional. Da que podemos extraer unha clasificación para o CGCX.

Recuperáronse os Quads. Tódolos clubs organizadores de probas de mx e sx incluíron nas súas probas mangas do Torneo Social de Quads. Foron un dos maiores dinamizadores de eses eventos polo que esperamos que os clubs sigan apostando por incluír esta categoría nas súas probas.

En canto as licenzas, fomos convocados os presidentes rexionais a unha reunión a Madrid para tratar de unificar criterios en canto a seguros, licenzas etc. Despois da entrada en vigor da chamada "LICENZA ÚNICA" había un montón de tarifas, ámbitos que había que unificar. Curiosamente a mal chamada licenza única fixera o efecto contrario chegando a maioría das federacións a ofertar ata 4 tipos de licenzas diferentes. Desda reunión saíuse co compromiso de unificar esforzos, contratando todos coa mesma compañía de seguros e simplificando os trámites con dos tipos de licenza, que no noso caso son a Galega e a Única.

As compañías aseguradoras comunicaron que foron abertos 30 partes de atención médica. Temos que seguir traballando na seguridade para tentar baixar estes números, que a larga suporán incremento de tarifas.

Remata o informe deportivo do presidente facendo mención ao Trial das Nacións organizado pola PM Valmiñor en Baiona. Se hai que resaltar o éxito deportivo que supuxo o evento, a repercusión positiva a nivel de medios e en poñer a Galicia no mapa do deporte mundial. Pero tamén teño que informar aquí do grave prexuízo económico que este evento fixo soportar a FGM todo ano. Dende o mes de xaneiro foron cargados os dereitos do TDN de 12.221€ na conta da FGM. Despois de informar á RFME que ese diñeiro tiñan que reclamarllo a PMVM, o clube enviou a través da FGM unha obriga de pagamento que enviamos para Madrid. A RFME informou foi devolto polo banco. A día de hoxe a PMVM segue sen pagar eses dereitos e tampouco pagou os seguros da proba facturados outra vez pola RFME. O peor de todo que esta débeda afecta a terceiros clubs, xa que a RFME negase a pagar o saldo positivo que ten coa FGM. Despois de recadar as inscricións das diferentes probas dos ctos de España, hai clubs que aínda non cobraron as inscricións das súas probas. Nin a RFME paga as inscricións nin a PMVM salda a súa débeda.

Termina animando a tódolos clubs, pilotos e cargos oficiais que aposten polo deporte federado, volto a repetir que sei que é difícil, debido a oferta "low cost" coa que competimos, pero conto con todos vos para esta nova tempada.

Despois da lectura do informe do presidente estableceuse un debate sobre a concesión da proba do CEE ao M.C. A Peroxa. O secretario informa que o presidente solicitou unha reunión en Madrid para que lle explicaran porque non foran incluídas no calendario as probas solicitadas polos clubs galegos. A escusa que deron foi que hai que rotar, que este ano tócalle a outros, que co volume de Galicia non podemos esperar mais. As explicacións que deron para darlle a proba a A Peroxa foi que o escrito foi enviado pola FGM. O secretario informa que calquera escrito dirixido a RFME presentado a través da FGM sae para Madrid, como non pode ser doutra maneira. Dicindo os presentes na reunión de Madrid que non deberíamos ter recollido o escrito nin telo enviado a Madrid. Nós, damos traslado a Madrid de todas as peticións que nos chegan e serán os seus órganos avaliadores e en última instancia a asemblea da RFME quen conceda ou non esas probas. RFME é informado de que mc A Peroxa organiza eventos da Liga Galega de Moto de Campo, que xa leva probas organizadas no 2018

de carácter non federado. Tamén informamos que nas actas de asembleas da RFME hai acordos nos que se decide non outorgar organizacións de CE a clubs que organicen deporte non federado, que non entendemos como non respectan nin os seus propios acordos. Pregunta Alberto García Fandiño a que se debe este trato desfavorable da RFME. Explicase que entrou unha nova presidencia, e algúns asembleístas comentan que parece mais unha vinganza política que un criterio obxectivo. Tiñan opcións de organizadores contrastados en organizacións de CE en anos anteriores que non tiveron en conta, e o criterio que seguiron nin eles o poden defender, xa que finalmente sacaron do calendario a proba de M.C. A Peroxa en Rois.

Na páxina 15 do dossier presentase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/01/2018. Neste punto o secretario informa que a comisión delegada deu instrución ao secretario de non pasar a factura da cota 2018 a aqueles clubs que non pagaran a cota 2017 e que non fixeran ningún trámite ou xestión durante o ano 2017 na FGM. A estes clubs a cota foille reclamada en tres ocasións, algún contestaron positivamente, outros non. Aos que non contestaron dáse de baixa administrativa, xa que algún son membros da asemblea e esa condición non a perderían, pero non poderán tramitar licenzas ata pórse ao día nas cotas. Esta medida tómase para evitar saldos debedores altos, porque os clubs que deixan de ter actividade, rara vez solicitan a baixa, e de continuarlle pasando a cota 3 ou 4 anos mais antes de dalos de baixa, suporá nun futuro unha débeda inasumible para eles.

Na páxina 16 relaciónanse as actividades dos clubs en 2017, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 17 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 18 presentase estatística detallada de licenzas de cada clube.

Das páxinas 19 a 26 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano.

Na seguinte folla aparece a relación de pilotos con títulos nacionais e internacionais no ano 2017.

O secretario informa neste punto que houbo algunhas queixas pola data escollida para celebrar a asemblea e entrega de premios por coincidir con 3 probas do nacional de Trial, Motocross e Cross Country. Da lectura ao escrito presentado por Casimiro García nese sentido. Explica o secretario que o retraso de este ano debeuse a que a asemblea da rfme atrasouse moito, a tres de febreiro, motivo polo que a nosa non puido celebrarse antes. Xa quen sen coñecer os calendarios dos ctos. de España non podemos encaixar nosas probas. Unha vez coñecida a data de Madrid, puxemos a nosa unha semana mais tarde, xa que a SXD reclamaba dende fai tempo que lle enviásemos un calendario e non podíamos atrasarnos mais.

Finalizado o informe deportivo.

3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2017.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2017 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2018.

O tesoureiro comeza lendo o balance de gastos comparado co orzamentado, comenta que hai unha lixeira subida en ambos lados do balance. Dos 222.950€ orzamentados como ingreso e gastos subiuse aos 256.826€ en ingresos. Aínda que se fixera un orzamento á alza debido aos numerosos CE, a previsión quedouse corta en case que 34.000€. Os dereitos do Trial das Nacións, cos que non se contaba no momento de facer o orzamento axudou a ese desfase.

Os gastos ascenderon a 248.907€, incluído neles a amortización anual pactada do despido contabilizado integramente no orzamento anterior. O tesoureiro da lectura das partidas de ingresos e gastos, matizando o secretario en cada caso a que se debe cada apunte. Manuel Toimil pregunta a que se debe o apunte de “previsión por insolvencias”. Explicase que durante anos levase pechando o exercicio con saldo negativo e non se puideron liquidar aos clubs que deixaron cotas sen pagar. Informase que a comisión delegada deu orde de non pasar a cota aos clubs que non tiveran actividade o ano anterior nin pagaran a cota.

Para evitar chegar a estes saldos de tres ou catro cotas sen pagar. Nese apunte concreto, sáldase a conta de 25 clubs que deixaron de pagar a cota, dáse lectura de todos eles. No apartado de outros ingresos chama a atención dalgún asembleísta o desfase que hai no apartado de outros “ingresos”,

explicando o secretario que antigamente o recadado polos transponders contabilizábase como dereitos de inscrición, pero que creemos que queda mellor reflectido separándoo de esa partida.

Chama a atención dos assembleístas o desfase no apartado de “dereitos de probas e seguros”. O secretario informa que no momento de aprobar o orzamento aínda non tiñamos notificación oficial do Trial da Nacións concedido á Peña Motores ValMiñor. En febreiro a RFME pasa os dereitos de 12.221€ e mais tarde, en outubro, a factura de seguros, de 609€, chegando o montante de dereitos e seguros de esa proba ata os 12.830€. O secretario informa do prexuízo que están a causar esas facturas, que a PM ValMiñor non lle da pagado a RFME. A RFME négase a pagar o saldo positivo coa FGM, afectando a terceiros clubs que non dan cobrado as inscricións dos CE feitos. Neste punto os assembleístas dan instrucións ao secretario para que consulte as alternativas e custos de reclamarlle eses 12.830€ de dereitos e seguros á RFME pola vía xudicial.

O secretario informa que a SXD solicitou o reintegro das axudas asignadas ao CE SX e CE Super Enduro que finalmente non se fixeron.

Levase a votación a aprobación das contas do 2017 cun resultado de 16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2018, o secretario informa de que as partidas están axustadas polo recadado no ano anterior, pero con previsión a baixa pola ausencia de CE, que aínda que non deixan liquidez, si que afectan a moitas partidas de ingresos e gastos.

Explicase que no orzamento meteuse un incremento mínimo da axuda da SXD porque nun encontro con responsables da secretaría dixéronnos que poderíamos xustificar 100€ mais nunha das partidas do convenio. Tendo en conta que esa partida é 1/3 da subvención, non creemos que nos outros 2/3 a subida sexa diferente. Por iso se pon a anotación abaixo de que o orzamento está suxeito a achega da SXD, de non conceder estas cantidades, habería que refacelo e adaptalo ás cantidades dadas. E voltado a ser aprobado pola Comisión Delegada. O tesoureiro da lectura de tódalas partidas orzamentadas. Procedese a votación do orzamento 2018, con 16 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2018, nas que acordaron trasladar linealmente a baixada do seguro que ronda de media o 30€.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 32 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba que leva sendo a mesma dende 2009. Apróbanse as tarifas por unanimidade, acordando que nas probas do CGSX a tarifa de dereitos sexa igual á do CGMX, exceptuando para probas en estadio con despacho de billetes, nacionais e internacionais, que seguiran tendo a mesma tarifa.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións, hai dúas solicitudes de moto clubs de subir as tarifas de alv-xuv-cad dos 16€ aos 21€. Ao mesmo tempo hai outra tarifa, a de Minivelocidade, que tamén afecta a estas categorías e proponse baixala de 51€ a 31€. Apróbanse os cambios, quedando no resto das categorías como estaban. A cota de clube aprobase en 121€.

PROPOSTAS CAMBIOS NOS REGULAMENTOS 2018

Proposta MC Saltamontes MX SX:

Unificar categorías: se non hai un mínimo de 10 pilotos inscritos en MASTER 35, 40 e 50 A categoría MASTER con menos de 3 inscritos quedará englobada na anterior. Se non houbera mais de 8 inscritos entre as tres categorías, a efectos de podio fariase un podio conxunto. Para o trofeo galego puntuarían por separado.

MX1-MX2-MXS18-MX125, os mesmos criterios, se entre tódalas categorías ao peche das inscricións (1 semana) non hai 10 ou mais inscritos, o clube poderá entregar un podio conxunto para MX1-MX2 e outro para MXS18 e MX125. Para a clasificación do campionato puntuarán na súa respectiva categoría.

Subir as inscripciones de MX50-65-85 a 21€.

Resto de categorías a estudar.

No respectivo ao regulamento técnico aplicarase o do CEMX. No deportivo adaptaranse ás necesidades do CGMX en canto a duración das mangas, prezo e prazos de inscricións. Normativa para clasificar, aplicando o 70% das voltas para clasificar e ter que pasar por meta. Aplicaranse os artigos do CGMX/SX 2016.

Proposta aprobada por unanimidade.

PROPOSTA DE SALTAMONTES PARA TODAS AS ESPECIALIDADES

Unificar os prazos de inscrición para todas as modalidades, pechar con 7 días en prazo. Fora de prazo, con recargo ata o venres ás 12:00 horas ou último día laborable antes da proba. E dereitos dobres no día da proba. Neste último caso a FGM facturará ao organizador as inscricións aceptadas no día.

Proposta aprobada por 15 votos a favor e un voto en contra de Alberto García Fandiño.

PROPOSTA DE CARLOS MANTEIGA

CREACIÓN DUN CURSO E TITULACIÓN DE TÉCNICOS DEPORTIVOS

Carlos Manteiga expón aos membros da asemblea que se está elaborando a creación da titulación de Técnico Deportivo. Coa creación das escolas de motociclismo e demais persoas que están exercendo de adestradores sen titulación, convén darlle unha cobertura legal a través dunha titulación a estas persoas. Informa que hai varios módulos, que o primeiro, o bloque común a tódolos adestradores, estano a impartir academias con concerto coa Xunta. Os outros dous haberá que desenvolves dende a FGM: O bloque específico, xa mais centrado no motociclismo e o bloque práctico, no que para obter a titulación haberá que acreditar ter feito as horas de prácticas. Comprometese a seguir traballando no programa dos cursos e temario para cerrar o programa.

Propuesta CGT 2018 delegado

“Las pruebas calendadas por la FGM y a mayores UNA prueba (OVIEDO) calendada por la federación asturiana serán puntuables para el campeonato Gallego. De las pruebas calendadas se descontará un resultado, en el caso de anularse una prueba, será el resultado que se descuenta.

Todos las categorías serán abiertas a participación de pilotos con licencia social, excepto TR1. Los participantes en estas pruebas, independientemente de su licencia, formarán parte de las clasificaciones oficiales así como de la general, sin embargo sólo se proclamará CAMPEÓN GALLEGO a final de temporada al piloto si este dispone de licencia de CG o UNICA. En caso de que el piloto ganador de la categoría no dispusiese de licencia de CG/ÚNICA este se proclamará VENCEDOR DEL TROFEO SOCIAL, o del puesto en que haya quedado. Habrá un solo podio conjunto para competitiva y social tanto en las pruebas como en las clasificaciones finales.

La categoría TR5 la vamos a transformar en una categoría pensada para los niños y adultos con nivel básico. Abierta a todos los niños que con licencia xogade y con motos de 50, 80, automáticas ó eléctricas quieran participar en el campeonato gallego. Si es posible harán todas las zonas e interzona pero en caso de que por distancia o dificultad, alguna zona no sea para su nivel, se suprimirá. En los triales donde la interzona sea muy larga o dificultosa para estas motos/categoría se podrá establecer unha zona de salida alternativa (hasta donde podrán trasladarse por los medios que consideren necesarios).

Para esta categoría (TR5) serán descartadas las zonas que por su dificultad no puedan adaptarse al nivel de las motos y pilotos participantes, pudiendo el club organizador en consenso con el delegado aumentar el número de veces que se realiza una zona, pudiéndola repetir en alguna de las vueltas con el objetivo de que la categoría tenga un mínimo de 12 zonas.

Para los más pequeños la FGM convocará cursillos de iniciación que se irán concretando a lo largo del año.”

A proposta é aprobada co seguinte cambio, a categoría de TR5 será aberta so para pilotos con licenza Alv-Xuv-Cadete e Xogade. O resto dos puntos son aprobados por unanimidade.

CG VELOCIDADE

Hai unha proposta do motoclube VFM, para que 4 das súas probas do VF Challenge e VF Endurance se calenden como probas do CGV nas categorías que se disputan en circuíto pequeno. Propoñen, para evitar duplicidades de listas, que as inscricións podan ser pagadas na súa web coas mesmas condicións que no resto dos Ctos. Propoñen baixar a inscrición da categoría Minivelocidade a 31€. A proposta é aprobada por unanimidade.

Alberto García Fandiño pregunta polo CGV en cilindradas grandes. O secretario informa que os poucos pilotos que correron o ano pasado fixérono con licenza portuguesa. Pediron algúns convocar o CGV co trofeo Motoval do Cto. portugués. Pero ao darlles as tarifas de licenzas e seguros de saída ao estranxeiro, ninguén mostrou interese en facelo. A primeira saída ao estranxeiro custa 330€, e as restantes 50€. A pesar de que que as coberturas son menores, os pilotos que están indo a Portugal, tramitan licenza portuguesa.

CALENDARIOS 2018

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2018. Dan instrucións ao secretario para que o luns concreta as 4 datas do CGV con VFM. Aprobase o calendario por unanimidade.


ROGOS e PREGUNTAS.

Neste punto Toimil pregunta pola saída que se lle vai dar ao novos pilotos que están competindo na categoría SS300. E propón que cara o ano que ven se lles intente dar unha saída, convocando a categoría nalgún Cto. da zona norte. Buscar que federacións están calendando esta categoría para poder negociar con eles incluír unha categoría do CGV SS300 no seu calendario para 2019. Xa que aínda que están correndo en Galicia en circuítos de pequenos, o ideal sería buscarlle unha saída en circuítos grandes.

Alberto García Fandiño pregunta por qué hai un calendario dende fai un mes do CGT circulando por facebook. O secretario informa que o que se publica en facebook non ten validez ningunha. Alberto replica que quere que conste en acta que ese calendario que circulaba por facebook leva o logo da FGM. O secretario explica que xa o seu moto clube, o Compostela, enviara un email informando de ese tema, e que fora respondido de que a única fonte oficial de calendarios, tarifas, etc é a web da FGM. En canto as tarifas, aínda que se aproban hoxe, a un de xaneiro hai que darlle unha solución aos pilotos que queren federarse, por iso se aplica as aprobadas pola delegada coa apostila de: “pendente de aprobar por asemblea.”

Dáse por finalizada a reunión ás 14:23 horas do día 10 de febreiro de 2018.

Vº Bº. Vicepresidente FGM
Pedro J. Méndez Zas



asdo. Secretario Xeral
Mário Riveiro

